



Expediente núm.: 1323/2021

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Expediente relacionado: 829/2021

Asunto: Subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2021

Obra/servizo subvencionado: Servizo de vixilancia e seguridade (Socorristas)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Antecedentes

- No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 73 do 20.04.2021, publícase a ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (código de procedemento TR351A).
- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, que tivo lugar o día 23.04.2021, adoptou, entre outros, o acordo que, copiado literalmente, di:

"3.- SOLICITUDE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA

3.1.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS (ORDE DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DO 12/04/2021. DOG Nº 73, DO 20/04/2021)

Dada conta da Orde do 12 de abril de 2021 (DOG nº 73, do 20/04/2021) da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021, a proposta do Sr. alcalde, esta Xunta de Goberno Local, acorda:

3.1.1.- SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE

3.1.1.1.- Aprobar o proxecto do servizo denominado Servizo de Vixilancia e Seguridade.

3.1.1.2.- Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención por importe de 10.822,38 € para a contratación de 2 traballadores/as desempregados/as que de seguido se detallan:

NÚ M. TRA B	GRUPO COTIZAC SEG.SO C.	OCUPACIO N	CNAE 2009/ OCUPA CION	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONA L SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG. SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUA L	DURACIÓN CONTRAT O EN MESES	TIPO XORNAD A %	CUSTOS SALARIAI S TOTALES
2	6	Socorrista	8411/H	1.339,07	34,70 %	464,66	1.803,73	3	100 %	10.822,38
TOTAL SUBVENCIÓNABLE				1.339,07		464,66	1.803,73			10.822,38

3.1.1.3. O Concello comprométese expresamente a financiar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería."

- O día 29.04.2021 é presentada correctamente no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co número 2021/1001479 a solicitude de subvención para a contratación temporal de traballadores desempregados para a realización da obra / servizo de interese social denominada "servizo de vixilancia e seguridade".
- O 22.06.2021 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2021-E-RC-3485) a resolución do xefe territorial de Ourense da Consellería de Emprego e Igualdade, mediante a que





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

se nos concede unha subvención polo importe de 7.214,92 euros para a contratación de 2 traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: "SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE" (DOG núm. 73 martes do 20 de abril de 2021). Expte. Nº: TR351A 2021 / 18 – 3. Co desagregado seguinte:

Nº Traballadores	Ocupación	Grupo Cotización	Modalidade contractual	Duración (meses)	Xornada	Custo Subvencionado
2	Socorrista	4	Contrato temporal de interese social	2	100%	7.214,92 €

- O 23.06.2021 dítase Resolución de Alcaldía núm. 2021/0411, aprobando a Convocatoria e as Bases para a selección de persoal laboral temporal, na categoría profesional de "socorrista", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2021 (Expte. Nº: TR351A 2021 / 18 – 3).
- O 23.06.2021 o Departamento de Persoal emite informe sobre o procedemento a seguir para levar a cabo a contratación de persoal laboral temporal para cubrir os postos de traballo na categoría profesional de "socorrista", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2021 (Expte. Nº: TR351A 2021 / 18 – 3).
- O 23.06.2021 presentouse a oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte), de acordo cos criterios establecidos polo artigo 14 da ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73 martes do 20 de abril de 2021), co obxecto de cubrir os referidos postos de traballo.
- O 29.06.2021 o Tribunal Cualificador do proceso selectivo de persoal laboral temporal, na categoría profesional de "socorristas", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2021 (Expte. Nº: TR351A 2021 / 18 – 3), emite Acta definitiva co resultado da selección, do tenor literal seguinte:

"(...)

7. Concluída a selección de persoal coas seguintes propostas de contratación (oferta de emprego número 12-2021-5176):

Fernández Pérez, Carla	Contratación do candidato/a
Barrio Gómez, Jesús	Contratación do candidato/a

- Aspirantes que non compareceron:

Alves Ferreira García, José Manuel	Non se presentou
Augusto Pinto, Javier	Non se presentou
Díaz Blanco, Francisco Javier	Non se presentou
Fernández Díz, Alberto	Non se presentou
Gómez Fernández, Saúl	Non se presentou
Iglesias Rodríguez, Olga	Non se presentou
Izquierdo Gamallo, Juan Luis	Non se presentou
Espino García, Lois	Non se presentou
Pérez Justo, Ismael	Non se presentou
Portela Pérez, Martín	Non se presentou

"(...)"





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

9. O 30.06.2021 remítese á oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) o resultado da selección de dous/as (2) traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: "SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE" (socorristas) (oferta de emprego número 12-2021-5176).

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Aceptar a renuncia a contratación para o posto de traballo de "socorrista", presentada pola aspirante Carla Fernández Pérez (DNI 3174...), con rexistro de entrada núm. 3588 do 29.06.2021.

Segundo.- Prescindir do período de alegacións previsto nas bases da convocatoria para a selección de persoal laboral temporal, na categoría profesional de "socorrista" (artigo 8º), por resultar innecesario ante o resultado da selección detallado na Acta definitiva emitida polo Tribunal Cualificador co resultado da selección de data 29.06.2021.

Terceiro.- Contratar para o período comprendido entre o 02 de xullo de 2021 e o 01 de setembro de 2021, para a obra / servizo "SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE" (socorristas) subvencionado en 7.214,92 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego e Igualdade, na categoría profesional de "socorristas" ó traballador que se detalla no cadro seguinte, e cos seguintes custos salariais:

Nome do traballador/a	DNI	Grup o de cotiz.	Retribución s brutas mensuais	% Cota patronal á S.S.	Seg. Social Concello mensual	Custo total mensual	Núm. meses	Custo total (total custo mensual x nº meses)
Barrio Gómez, Jesús	784...	8	1.339,07	34,70%	464,66	1.803,73	2	3.607,46
CUSTO TOTAL			1.339,07		464,66	1.803,73		3.607,46

Cuarto.- Formalizar o contrato de traballo para a obra / servizo "SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE" (socorristas) subvencionado en 7.214,92 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego e Igualdade, na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado coa cláusula específica de traballos de interese social, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, e o artigo 15.1 da ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73 martes do 20 de abril de 2021), en réxime de dedicación a tempo completo cunha duración de 2 meses.

Quinto.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

(www.concellopereiro.com).

Sexto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Sétimo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luis Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2021-0435 Data: 30/06/2021



Cont. Validación: 4R55CHLWFDQJ559SXXXFE2XF | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>